

Xulia Feixoo

MULLERES NA TRADICIÓN: AS MÚSICAS INVISIBLES

XORNADA

# MERCEDES GOICOA: MÚSICAS, PARA VIVIR

Consello da Cultura Galega  
Santiago de Compostela  
Xoves, 25 de outubro de 2018



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

XORNADA MERCEDES GOICOA. Consello da Cultura Galega.  
"Mulleres na tradición: as músicas invisibles".  
Xulia Feixoo. 25 de outubro do 2018.

Moi bo día a todas.

Hoxe quero falar aquí en calidade de etnomusicóloga a pesar de que, por formación e profesión, tamén son música percusionista. Comezarei citando moi brevemente a miña formación, non coma unha colección de títulos (que tamén), senón coma un cúmulo de experiencias que me levaron, por unhas razóns ou por outras, a adicarme profundamente á investigación sobre a música tradicional.

Ao longo da miña etapa de formación, tiven a tendencia de ir dar de primeiras aos ámbitos máis puramente académicos, no centro da Academia, e dende ese centro sempre sentín a necesidade de moverme cara as marxes. É dicir, sempre me chamou poderosamente a atención aquilo que permanece invisible ante os ollos dos que deciden que é importante. Desta forma, da percusión clásica fun derivando á percusión tradicional e á música folk. O mesmo aconteceu na licenciatura de Historia da Arte. Durante os últimos cursos da especialidade en Historia da Música, tiven a sorte de poder asistir a unha conferencia informal dentro da asignatura "Historia da Música e do Folklore". Esta foi impartida por Ramon Pinheiro, o que moitos anos despois sería o editor dos dous libros que por sorte puiden publicar na marabillosa colección A Chave Mestra. Da súa conferencia sobre o acordeón diatónico na Galiza descubrín que realmente a Historia da Arte me apaixonaba, pero que non quería que fora o centro da miña vida académica. Decidín desprazar o meu obxecto de estudo, e de aí fun dar á Titulación Superior en Etnomusicoloxía, da cal fun a primeira titulada da súa primeira promoción. É dicir, fun abrindo camiño xunto cos meus compañeiros Jacobo Rubianes e Xesús Casal. Dende ese momento a Etnomusicoloxía se convertíu no centro da miña vida e das miñas enerxías.

Cando remataba o Título Superior en Etnomusicoloxía houben de facer un traballo de investigación final, un Traballo Fin de Estudos no que decidín estudar moi en profundidade todo o repertorio de tradición oral vencellado a un instrumento, o pandeiro cadrado, que no decurso da miña investigación descubrín que estaba en perigo de extinción. Ese traballo foi moi interesante para min por moitos motivos: como percusionista, abríume os ollos e axudoume a dibuxar un horizonte moito máis amplo que o que eu tiña da percusión tradicional. E fundamentalmente, porque me decatei e fun plenamente consciente de que, como comenta Susana Asensio, as tocadoras son "*dobremente significantes por depositarias e por transmisoras, e dobremente invisibles, por mulleres e por cotiás*".<sup>1</sup> Con esta frase Asensio logra verbalizar un pensamento que pasara moitas veces pola miña cabeza e que, desgrazadamente, poucos fan por revertir na súa vida profesional.

---

<sup>1</sup> Asensio, S. Fuentes para el estudio de la música popular asturiana. Madrid: 2010.

Dende o ano 2016 comecei a facer moito traballo de campo, porque este é a base das miñas investigacións e porque sentín a necesidade de coñecer de primeira man a realidade de todas aquelas mulleres que foran, precisamente, “dobremente invisibilizadas”. De vagar e co decurso das entrevistas decateime de que o papel da muller na tradición está íntimamente vecellado a estes catro conceptos: elas foron, e son, as responsables da **conservación** e a **transmisión** do patrimonio inmaterial, que é o patrimonio máis fráxil e máis valioso que posuímos no noso país. E fixérono porque o ancoraron na súa memoria e transmitírono de xeración en xeración dende tempos inmemoriais ata a xeración de mulleres que naceron a principios do século XX. As nosas mulleres nos vencellaron ao noso patrimonio inmaterial a través do **apego** e da **afectividade**. Elas crearon unha maneira de vivir o patrimonio que é indeleble.

Eu acredito firmemente en que, de non ser por estas mulleres transmisoras, hoxe poderíamos estar no Consello da Cultura, pero nunca poderíamos estar no Consello da Cultura Galega. Porque o patrimonio inmaterial é o que nos vencella dun xeito único e excepcional ao territorio que habitamos, é o que porta nosa identidade: dinos quen es fomos, mais tamén quen es habemos de ser. Cando rematei os meus estudos, decateime de que atopara a profesión que me fai feliz e que me realiza como muller, e como muller música tamén. Pero estudando a historiografía e a traxectoria da Etnomusicoloxía na Galiza, na que as mulleres en dobre sentido sono invisibilizadas, decidín que era necesario facer unha reflexión persoal para crear unha cartografía, de mapa conceptual no que poder transitar en cada un dos traballos que realizo. Non foi tarefa fácil, xa que os estudos adicados ás músicas de tradición oral son moi escasos no país. Isto foi un inconvinte mais unha vantaxe tamén, xa que ao non haber referentes, puideron ir facendo o meu propio camiño ao andar.

Hoxe gustaríame compartir con vós os resultados desta reflexión, e como desta reflexión se foron materializando as ideas en proxectos concretos. O título da miña ponencia non é casual **“Mulleres na tradición: as músicas invisibles”**. Cando empecei a debullar o que sería a miña cartografía persoal, sempre tiveron claro que a miña vida profesional sempre iría encamiñada a darlle a volta a este título. En primeiro lugar: **“Mulleres na tradición”**. Sempre que acometo un proxecto procuro visibilizar á muller como portadora de tradición, é dicir, sempre intento que as miñas informantes (que non son miñas, que son de todas) ocupen o seu lugar: que poidamos velas e que poidamos poñerlle cara e nome para que elas mesmas poidan ver recoñecido todo ese traballo que fixeron na sombra durante toda a súa vida. Por outro lado, tamén me parece moi interesante, dentro do ámbito da Etnomusicoloxía e da música tradicional, visibilizar á muller como receptora, como nova depositaria pero tamén como nova transmisora no contexto actual. A nosa sociedade está moi afeita a que sexan as mulleres as que nos transmitan ese patrimonio, pero que sexan os homes os que o reivindiquen, os que se sirven del e os que empregan todo o poder que nos dá a recepción do mesmo.

Pola parte de **“As músicas invisibles”** fixen sempre unha triple reflexión. Por un lado me parece necesario poñer a música de tradición oral (especialmente o repertorio vocal acompañado de percusión) no centro da Etnomusicoloxía e tamén dentro dos ámbitos académicos. Porque todos podemos nomear referentes dentro da música clásica pero creo

que moi poucas persoas das presentes nesta sala poderían citar algunha tocadora salida dunha aldea. Por outro lado, as músicas como exemplo de intérpretes e de grandes tocadoras. Elas transmiten un repertorio pero tamén uns valores vencellados a ese repertorio. Nas sociedades tradicionais a música non é unha actividade para ser contemplada nin para admirar dende o público a súa beleza. É unicamente un medio de relación social. Correspóndese cunha necesidade que ten a sociedade de teres unha válvula de escape aos posibles conflitos e tensións que poida haber dentro da comunidade, e ademáis xenera un espazo propicio para o baile, que é imprescindible para que se dea o emparellamento. É algo totalmente funcional. Dentro desa funcionalidade social, todas as mulleres tiñan a obriga de tocar. Non só a mellor, a máis formada, a da voz máis bonita. Todas tiñan esa responsabilidade, fixérano ben ou mal. Por suposto que había virtuosas, e todas as recoñecían como tal. Este é un valor moi necesario na nosa sociedade actual e necesariamente aplicable á docencia que nos aporta a sociedade tradicional en contraposición ao ensino regrado dos conservatorios. Sinto imprescindible reivindicar estes valores a través do meu traballo. Por último, e aínda que é moi complicado, topei necesario visibilizarme como música, como investigadora e como divulgadora directa do patrimonio inmaterial. As mulleres non podemos autopoisionarnos nos papeis secundarios. Temos que ser, en por nós mesmas, as que deamos un paso adiante para exercer ese dereito e esa responsabilidade. Así é que con bastante timidez ó principio e con máis convicción agora, acredito nesta maneira de traballar coa tradición.

Xa estaba feito o mapa conceptual, así que chegou o momento de poñelo en práctica con proxectos concretos. E aquí empezaron a chegar os problemas, as pezas que non encaixaban ben e que houbo de poñer no seu lugar con tino mais tamén con firmeza. En primeiro lugar decidín comezar a crear iconas coas que pórllle nome propio á tradición. Isto de inicio resultou complicado, porque tradicionalmente o feminino non ten cara visible. Estamos afeitas a falar das Pandeireteiras de Avión, ou as Pandeireteiras de Gharghamala, pero esas mulleres teñen nome propio e son intérpretes de moita valía e prestixio e síntome na obriga moral de reivindicalo.

Para isto servíame da figura de Maruxa das Cortellas, protagonista dun dos libros que publiquei no 2017.<sup>2</sup> Ela é moi importante para a nosa música de tradición oral porque, ademáis de ser unha intérprete espectacular do pandeiro cadrado, ela foi unha das poucas mulleres en aprender todo o saber arredor deste instrumento nun momento no que estaba a piques de desaparecer. Grazas a ela puidemos rescatalo. Sacar ó prelo o seu nome servíu para abrir unha senda de visibilización de informantes xa que, a raíz desta publicación, decidiron adicarlle a Maruxa a XIX edición do Memorial Ricardo Portela (<https://www.diariodepontevedra.es/articulo/pontevedra/«arriba-nosas-tocadoras-»/20180715124116991037.html>). Este feito supón un auténtico fito na historia do Memorial, pois ela foi a primeira muller homenaxeada logo de dezanove edicións. Logo deste acontecemento, e en consecuencia directa, tiveron a honra e a sorte de recibir a encarga para facer a súa biobibliografía, que xa forma parte do Álbum de Mulleres (<http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=1109>) promovido Consello da Cultura Galega.

---

<sup>2</sup> Feixoo, X. Maruxa das Cortellas. Tocadora do pandeiro... Compostela: 2017

Grazas a todo isto, estamos abrindo vías de coñecemento para as nosas mulleres e para a nosa tradición.

Outro dos retos é o propio empoderamento e o traballo dirixido cara a autovisibilización en espazos públicos, tradicionalmente ocupados por homes. Isto, de seu, resulta complicado por todas as cargas educacionais que levamos como mulleres nas costas. Para isto tiven que facer un exercicio de autoconvencemento. Cando verdadeiramente me decidín a ser eu a protagonista da comunicación dos meus traballos topeime coa dura realidade de que ninguén esperaba que fora eu a protagonista da comunicación dos meus traballos. Nos proxectos que levo adiante eu soa resulta, evidentemente, moito máis doado. Pero nas iniciativas que parten do meu grupo de traballo “Arredor da Tradición” (<https://www.facebook.com/arredordatradicion/>), que comparto co meu querido compañeiro Guillermo Ignacio, resultou máis complicado. Neste momento sentín como automaticamente toda a carga de comunicación e visibilización relacionada co grupo de traballo recaía sempre na súa figura. Tivemos que loitar moito, e seguímolo a facer, por dicir non e revertir esta situación. Estes feitos xeneran moitos conflitos cun mesmo, cos compañeiro de traballo e tamén coa interlocutora externa que asume que vai ser a figura masculina a encargada das “cousas importantes”. En calquera caso, estas tensións sempre son produtivas e positivas para posicionar á muller no seu lugar central.

Como investigadora, procuro non exercer un rol dominante na relación coas miñas informantes. A miña posición, a priori, é de superioridade, xa que eu son a que veño da cidade, son a que ten as titulacións, a que escribe os libros, a que sabe facer as partituras. Pero a pesar disto non podo substituír a súa voz coa miña. Eu podo comprender e analizar o que elas me contan, podo fiar o seu discurso e ter unha visión máis global (“ethic”), pero quenes teñen que comunicarse en primeira persoa, quenes teñen que ter ese espazo para contar o seu patrimonio, son elas. Creo que de non ser así estaría comentendo un erro, porque ademáis a música tradicional leva arredor moitos contidos interesantes como a propia dialectoloxía na lingua. Así é que en todos os meus traballos, ben sexa en formato papel ou en formato de comunicación oral, sempre introduzo citas literais dos aspectos que estou a traballar. Na escrita emprego o sistema convencional de cita, e na oralidade sírvome dos formatos audiovisuais para que sexan elas as que compartan connigo o peso do traballo.

Por outro lado, se eu vivo de entrevistar a informantes e de analizar o seu discurso e de repensar a nosa tradición, adquiero un compromiso coa sociedade que xenerou esta tradición e mais coa que a ha de recibir. É de recibo que eu faga a divulgación do meu traballo dun xeito mínimamente atractivo e fácil para o público. Non ten moito sentido que eu vaia dar unha charla a unha asociación cultural e fale coma se estivera defendendo a miña tese de doutoramento. Logo de asistir a moitos cursos de formación, xornadas e congresos, decateime de que hai unha fenda enorme entre o mundo académico e a xente interesada nesa información. Isto obrigoume a repensar os formatos cos que eu divulgo os meus traballos e convertilos en, por exemplo, concertos didácticos nos que ademáis de falar, interpretamos parte do repertorio. Estas novas formas son esixentes e implican facer tarefas coas que nun inicio non me sentía demasiado cómoda. Eu son tamborileira, non cantareira, pero se teño

que aprenderme o repertorio que me transmitiron as informantes, fágoo de boa gana se esa é a forma de que chegue a todo o mundo.

Moitas das miñas enerxías como etnomusicóloga son investidas na conquista de novos espazos para as mulleres (no dobre sentido que expuña máis arriba) e tamén das músicas de tradición oral. Polo momento estou traballando na redacción de máis biobibliografías no Álbum de Mulleres do Consello da Cultura Galega, para ter máis representación de tocadoras, porque a través do seu relato de vida consigo explicar como funcionaba a tradición no seu contexto. Tamén en formatos de radio, como no programa Lume na Palleira, emitido en Radio Galicia Música, no que lle adicaremos dende Arredor da Tradición algunha sección a facer monográficos de informantes.

E, por suposto, acumulando éxitos e fracasos. Moitas grazas.